Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 13 DE XUÑO DE 2025 | VIERNES, 13 DE JUNIO DE 2025 | BOP NÚMERO 112

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Inicio do procedemento para a aprobación do proxecto de equidistribución da UA 52

EXPEDIENTES.- 2025/U042/000001 - 2025/G003/000888

ASUNTO: Inicio do procedemento para a aprobación do proxecto de equidistribución da UA 52.

Por Decreto Nº 1179/2025 de 02/05/2025 resolveuse o seguinte:

PRIMEIRO. Iniciar o procedemento para a aprobación do proxecto de equidistribución da UA 52.

SEGUNDO. Publicar o inicio do expediente no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento.

TERCEIRO. Notificar individualmente o inicio do expediente aos titulares de dereitos afectados pola actuación proposta. Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados tanto nas dependencias municipais como a través da sede electrónica deste Concello.

CUARTO. Solicitar ao Rexistro da Propiedade a certificación de titularidade e cargas de todas as parcelas incluídas no ámbito obxecto de equidistribución.

Dando cumprimento ao punto SEGUNDO, publícase o inicio do expediente para o seu xeral coñecemento mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Constan no expediente acuses de entrega de notificación individualizada a tódolos propietarios afectados.

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello. Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación ou ben intentada a mesma non se puidera practicar, sirva o presente anuncio de notificación coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 e outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

RECURSOS

O presente Acordo, que non esgota a vía administrativa, ten a natureza xurídica de acto administrativo de trámite, polo que non é susceptible de recurso algún, sen prexuízo do disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de impugnar no seu día a decisión que poña fin o procedemento se é contrario aos seus dereitos ou intereses

En Arteixo, a 09 de xuño de 2025, asinado dixitalmente por D. Luis Alberto Castro Calvete Concelleiro Delegado Urbanismo. PD 1243/2025 de 08 de maio de 2025.

2025/3849